

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Programación de VIOLA

Curso 2019-2020

PROGRAMA OFICIAL DA MATERIA DE VIOLA-CURSO 2019-2020

(modelo MD75PRO01)



Índice

1.Introdución	6
2.Metodoloxía	7
3.Atención á diversidade	10
4.Temas transversais	11
4.1Educación en valores	11
4.2Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)	11
5.Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	12
6.1. 1º GRAO ELEMENTAL	13
6.1.1 Obxectivos	13
6.1.2Contidos	13
6.1.3Avaliación	15
6.1.4Medidas de recuperación	17
6.1.5Recursos didácticos	19
6.2. 2º GRAO ELEMENTAL	20
6.2.1Obxectivos	20
6.2.2Contidos	20
6.2.3Avaliación	21
6.2.4Medidas de recuperación	24
6.2.5Recursos didácticos	25
6.3 3º GRAO ELEMENTAL.	26
6.3.1Obxectivos	26
6.3.2Contidos	27



6.3.3Avaliación	28
6.3.4Medidas de recuperación	31
6.3.5Recursos didácticos	32
6.4 4º GRAO ELEMENTAL.	33
6.4.1Obxectivos	33
6.4.2Contidos	33
6.4.3Avaliación	35
6.4.4Medidas de recuperación	37
6.4.5Recursos didácticos	38
6.5 1º GRAO PROFESIONAL.	40
6.5.1Obxectivos	40
6.5.2Contidos	40
6.5.3Avaliación	41
6.5.4Medidas de recuperación	43
6.5.5Recursos didácticos	45
6.6 2º GRAO PROFESIONAL.	51
6.6.1Obxectivos	51
6.6.2Contidos	51
6.6.3Avaliación	51
6.6.4Medidas de recuperación	54
6.6.5Recursos didácticos	55
6.7 3º GRAO PROFESIONAL.	57
6.7.1Obxectivos	57



6.7.2	Contidos	57
6.7.3	Avaliación	58
6.7.4	Medidas de recuperación	60
6.7.5	Recursos didácticos	61
6.8	4º GRAO PROFESIONAL	64
6.8.1	Obxectivos	64
6.8.2	Contidos	64
6.8.3	Avaliación	64
6.8.4	Medidas de recuperación	67
6.8.5	Recursos didácticos	68
6.9	5º GRAO PROFESIONAL.	70
6.9.1	Obxectivos	70
6.9.2	Contidos	70
6.9.3	Avaliación	71
6.9.4	Medidas de recuperación	74
6.9.5	Recursos didácticos	75
6.10	6º GRAO PROFESIONAL	78
6.10.1	Obxectivos	78
6.10.2	Contidos	78
6.10.3	Avaliación	79
6.10.4	Medidas de recuperación	82
6.10.5	Recursos didácticos	83
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	92



8.Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento 93

9.ANEXOS.....	94
9.1Probas de acceso a 1º de grao profesional.....	94
9.2Probas de acceso a outros cursos.....	95
9.3Criterios para a obtención dos premios de Fin de Grao.....	101
9.4Programación especial de viola para a Sección Bilingüe.....	102

1. Introducción

A Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

O artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen ditadas para a nosa comunidade autónoma no posterior *Decreto 198/2007 do 27 de setembro de 2007, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.*

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Así mesmo, a Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas. Os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música fíxanse no Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro e se definen no marco da nosa comunidade no *Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.*

A presente programación dá concreción a ditos decretos a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

2. Metodoloxía

Como recurso fundamental para o desenvolvemento do ensino da viola, se ten en conta, o ensino individualizado da materia, atendendo mellor ás necesidades do alumnado, que debe ser protagonista do proxecto educativo. Non debe existir ningunha norma que tenda á inflexibilidade pedagóxica.

Os principios educativos deben garantir o beneficio do alumno e ou uso de todos os procedementos en final deste. Os procedementos educativos baséanse na teoría constructivista da ensinanza-aprendizaxe, utilizando todos os elementos para un estudio racional, baseado na construción de conceptos e a realización práctica dos mesmos, a aplicación dos coñecementos e a interiorización destes dun modo constructivista, a favor sempre do desenvolvemento da autonomía persoal, que poda garantir o éxito futuro do alumno.

As estratexias metodolóxicas son un conxunto de ferramentas coas que desenvolvemos as accións pedagóxicas e de coordinación do ensino aprendizaxe na clase. Son as claves que dan lugar á metodoloxía propia e persoal, que no son definitivas e son flexibles, tendo en conta cada caso particular, as estratexias están en continua relación cos propios principios pedagóxicos e forman parte dun proxecto educativo personalizado e baseado na propia experiencia.

Dentro das consideracións metodolóxicas para o traballo do instrumento musical na etapa de grao elemental o máis apropiado e o tipo de aprendizaxe por descubrimento, producido por mecanismos de ensaio-erro, coa mediación do mestre na clase, estes procedementos deben ser fundamentais neste nivel, sobre todo para alumnos con problemas de autoconfianza o medo ao fracaso. Por medio do erro, sempre conscente, o alumno pode progresivamente, acercarse á resolución de problemas por si mesmo. Sen embargo non debemos esquecer que é unha estratexia de ensino, que debe ir integrada ao tipo de aprendizaxe receptivo, polo cal o alumno recibe a información, organizada por parte do profesor.

Os pasos máis firmes no aprendizaxe van do coñecido ao descoñecido, e de dificultade gradual de menos a máis, dentro do nivel e este proceso de planificado de ensinanza debe estar presidido pola necesidade de garantir a funcionalidade dos

aprendizaxes, asegurando que podan ser utilizadas nas circunstancias reais en que o alumno os necesite.

Dentro das estratexias coas que imos construír o desenvolver, dentro da experiencia na clase, as capacidades do alumno para a súa formación e o desenvolvemento da memoria nos seus diferentes tipos: memoria mental, memoria muscular e memoria auditiva.

Memoria mental , axúdanos a lembrar, aprender, concentrarnos retendo información.

Memoria muscular, pola que construímos parte da técnica e o alumno aprende pasaxes das obras ou estudos. Este tipo de memoria obtense por medio da experiencia sensitiva e non só da conceptual. É moi importante que o alumno coñeza os procedementos mecánicos polos cales funciona a técnica de maneira consciente, e a repetición do movemento ou sensación correcta é importante para a fixación da mesma, evitando a repetición de movementos incorrectos.

Memoria visual, podemos utilizar de dúas formas diferentes; unha para memorizar a partitura, axudando a aprender de memoria para un traballo máis profundo de outros aspectos musicais (interpretación , sensacións , sensibilidade , etc.). O outro uso que se lle da á memoria visual ten que ver coa fijación das referencias, cambios de posición ou desprazamentos da má esquerda, fixación das zonas do arco, o mecanismo técnico ben feito, unha actitude tocando ou unha imaxe estética.

Memoria auditiva. É, por suposto, unhas das máis importantes para o desenvolvemento musical. O seu uso ten tamén varias vertientes estratéxicas: primeiro é unha ferramenta para o aprendizaxe do oído interno, que á vez é na base da afinación interna e referencia para a diferenciación interválica dos sons. A busca dun son de calidade é desenvolvemento dun oído polifónico, na que dividese a audición interna do propio son co respecto outros sons, é unha educación da escoita atenta.

As técnicas de estudo. O profesor nas clases individuais contemplará as estratexias máis oportunas para conseguir no alumno mellores resultados e o entendemento dos problemas ou dificultades surtidas. Algunhas destas técnicas de estudo van axudar á comprensión de cuestións técnicas e expresivas no aprendizaxe dunha pasaxe ou unha obra, e na aplicación destes coñecementos ás demais obras que o alumno te

que afrontar no futuro. O uso destes recursos na clase te unha funcionalidade, que o alumno valorará do por qué do seu uso e para qué.

Dentro destas técnicas de estudo pode empregarse como exemplo; o que denominase estudo a cámara lenta para a concienciación dos actos técnicos e musicais e buscar a perfección no tempo lento para logo levalo progresivamente a máis rápido, neste tipo de estudo os diferentes tipos de memoria xogan un gran papel.

O estudo con parada calculada, para as pasaxes de dificultade e de afinación, aquí é moi importante a destreza das memorias muscular e auditiva.

O estudo por descomposición de pasaxes, é unha técnica de simplificación da escritumotivos de dificultade técnica o complexidade rítmica ou de escritura musical. Desmontase por fragmentos como un puzzle e cando vencese a dificultade de cada uns dos fragmentos, únense na súa totalidade para velo no sentido máis amplo do texto. Aplícanse fórmulas rítmicas, así como diferentes velocidades e progresivas (co uso do metrónomo), ata alcanzar a sincronización de movementos á velocidade esixida

A participación activa neste proceso, así como a colaboración nas audicións das clases colectivas, individuais e audicións técnicas do departamento axudan ao alumno á preparación e actuación en público.

3. Atención á diversidade

O alumnado do Conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo dado que han de compaxinar os estudos de música cos do ensino obrigatorio. As motivacions para estudar no Conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que se inician os estudos musicais poden ser: por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretenimento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Polo tanto, temos un alumnado diferente en canto a motivacions, aptitudes, e ritmos de traballo, polo que será de vital importancia a atención á diversidade para adaptarse ás necesidades do alumnado e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a adaptación curricular: o conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presenten no aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

1. Adaptación do material didáctico
2. Variacións na metodoloxía, para adaptarlal as necesidades de cada alumno
3. Actividades de traballo diferenciadas. O profesor faría un análise dos contidos da materia e prepara actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
4. Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
5. Acelerar ou frenar o ritmo de introducción de novos contidos adaptándose individualmente ó alumno.
6. A adaptación de obxetivos e contidos terá que respetar nembargantes os mínimos esixibles fixados na programación.

4. Temas transversais

4.1 Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas a un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais.

Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado una especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula especialmente na práctica de conxunto. Temas como os dereitos humanos e dos nenos, a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou

educación para paz poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cingúese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados ca materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, grabadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar no aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor.

Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recopilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados no aula debe respectar en todo momento as leis distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Considérase a realización de determinadas actividades ao longo do curso, de grande utilidade para ampliar a formación do alumno e implicalos na vida cultural do centro e do seu ámbito.

Actividades de carácter académico, dentro do centro:

- Ensaio co pianista acompañante.
- Participación en audicións.
- Cursos específicos.

Outras actividades, dentro ou fóra do centro:

- Asistencia a concertos e audicións doutros instrumentos.
- Asistencia a concertos de profesores.
- Asistencia a concertos na cidade.
- Asistencia a eventos culturais de diferente índole.
- Participación en Concursos.
- Concertos didácticos en colaboración con centros de ensino Primaria.

6. Secuenciación do curso

6.1. 1º GRAO ELEMENTAL

6.1.1 Obxectivos

- Ser capaz de colocar o instrumento dun xeito correcto e adoptar unha posición que permita a mobilidade das articulacións de brazos, muñecas e dedos. Desenvolver os movementos propios do brazo dereito e man esquerda. Coordinar o movemento do arco co dos dedos da man esquerda.
- Diferenciar distintos planos sonoros do instrumento: matización, pizzicato-arco, ligado- solto e saber aplicarlos nas obras do nivel.

- Ser capaz de distinguir entre afinación falsa e correcta, diferenciar diversos conceptos como agudo-grave, alto-baixo. Ser capaz de emitir sons afinados e entonar os exercicios.
- Tocar e interpretar un repertorio formado por pezas populares e infantís, respetando o ritmo, cuidando o son e o estilo da obra na medida do posible.

6.1.2 Contidos

- Posición do instrumento : control muscular
- Posición do corpo e do instrumento. Naturalidade e relaxación.
- Suxeición do arco. Función de cada unha das articulacións dos dedos da man dereita.
- Colocación do instrumento.
- Colocación conxunta de arco e instrumento.
- Articulación e posición do brazo dereito.
- Posición da man esquerda, movemento dos dedos, articulacións e función.
- Producción do son: cordas ó aire, empregando todo o arco e distintas rexións deste.
- Movemento arco abaixo e arco arriba (simboloxía). Estudio dos cambios de dirección.
- Utilización das catro cordas. Práctica dos cambios de corda.
- Desenvolvemento do movemento do brazo dereito e do movemento perpendicular dos dedos, así como a coordinación entre ambos.
- Coordinación das primeiras notas.
- Dixitación.
- Repartición do arco (arco enteiro, metade superior, inferior, metade do arco).

- Desenrolo da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
- Identificación de fallos no son e calidade constante na produción do mesmo.
- Iniciación á afinación do instrumento.
- Coñecemento dos golpes de arco básicos: Detaché, Legato, Detaché-Legato, Legato ata catro notas, Dúas ligadas e dúas soltas. Combinacións.
- Estudio das posicións: Coñecemento da primeira posición.
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria: memorización de pequenos fragmentos de ata catro compases.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces: regularidade diaria na práctica do estudo, estiramientos antes e despois da práctica.
- Selección progresiva en canto ó grado de dificultade dos exercicios.
- Repertorio progresivo de pezas infantís.
- Escalas dunha octava (primeira posición completa).
- Práctica de conxunto: pequenos dúos co profesor, tocar co pianista acompañante, clases colectivas do mesmo instrumento.

6.1.3 Avaliación

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como a súa asistencia e actitude.

Criterios de avaliación

- Manter a atención e concentración necesarias na clase para aprender a traballar do xeito correcto, e repetilo no estudio individual na casa.
- Memorizar e interpretar textos musicais, empregando correctamente dinámica, afinación, e fraseo axeitados ó seu contido.

- Interpretar obras das programadas para o curso, de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Mostrar a capacidade de aprendizaxe progresivo individual, e demostralo nas audicións. Interpretar en público como solista e a ser posible de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
- Asistir con asiduidade a ensaios co profesor pianista acompañante.
- Participar nas Audicións técnicas internas e nas Audicións públicas con asiduidade.

Mínimos esixibles

- Adquirir unha posición correcta do instrumento e do instrumentista, correcta utilización de ambas mans, pasar o arco paralelo á ponte, articulacións flexibles.
- Adquirir os fundamentos dunha boa técnica: afinación dun mínimo do 70% das notas, axustado ó pulso e sen erros de medida. Calidade sonora.
- Participar activamente nas actividades programadas así como cumprir cos ensaios mínimos co pianista acompañante.
- Estudar e interpretar de memoria correctamente en cada trimestre os seguintes contidos:

Primeiro trimestre

Escala de Re Maior pulso=50.

Pequenos exercicios de mecanismo e movemento.

Dúas pezas breves do listado de recursos do curso consensuadas co profesor.

Segundo trimestre

Escala de Re Maior pulso=60.

Pequenos exercicios de mecanismo e movemento.

Dúas pezas breves do listado de recursos do curso consensuadas co profesor.

Terceiro trimestre

Escala de Re Maior en corcheas e semicorcheas pulso=50

Pequenos exercicios de mecanismo e movemento.

Dúas pezas breves do listado de recursos do curso consensuadas co profesor.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Realización dunha avaliación inicial para determinar o punto de partida do alumno e deseñar os materiais axeitados.
- Control individual da aprendizaxe mostrada nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións técnicas e públicas ó longo do curso.

Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Proba de aula:	Audición:	Traballo semanal:
30%	30%	40%

Á súa vez, cada un destes apartados ponderarase do seguinte xeito:

Proba de aula	Audición	Traballo semanal
Técnica: 40%	Técnica: 30%	Estudo: 50%
Musicalidade: 30%	Musicalidade: 30%	Hábitos: 10%

Preparación: 30%

Preparación: 20%

Actitude: 20%

Posta en escea: 20%

Material: 20%

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superado polo menos o 90% dos contidos do apartado mínimos esixibles na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar, quen poderá conceder a dita ampliación.

6.1.4 Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación. Proponse que os alumnos que precisan medidas de recuperación poidan asistir coma ouvintes ás clases de compañeiros do mesmo curso.

Procedementos de recuperación ordinarios

Os alumnos que perderon o dereito á avaliación continua por faltas de asistencia sen xustificar terán que facer nas últimas semanas do curso un exame no que presentarán polo menos os contidos do apartado mínimos esixibles. De entre eses contidos o alumno interpretará dúas escalas, dous estudos e dúas obras a elección do tribunal.

Para o cálculo da cualificación teranse en conta as seguintes porcentaxes:

25% afinación 25% ritmo 25% sonido 25% musicalidade

Será preciso ten aprobado cada bloque de cualificación para poder facer media.

Probas extraordinarias de setembro

Os alumnos que non obtiveron cualificación positiva na avaliación de xuño poderán presentarse á proba extraordinaria de setembro e presentarán polo menos os contidos do apartado mínimos esixibles. De entre eses contidos o alumno interpretará dúas escalas, dous exercicios e tres obras de entre as programadas para o curso, a elección do tribunal, máis un fragmento de lectura a vista acorde ó nivel do curso. A proba non poderá superar os 30 minutos.

Para o cálculo da cualificación teranse en conta as seguintes porcentaxes:

25% afinación 25% ritmo 25% sonido 25% musicalidade

Será preciso ten aprobado cada bloque de cualificación para poder facer media.

6.1.5 Recursos didácticos

- ABRSM Scales and studies
- SUZUKI : Suzuki Viola School, vol. I
- H. CLASSENS : L'Alto Classique, vol. A
- E. MATEU : La Viola Iniciación
- B. VOLMER : Bratschenschule, vol. I ata a páx. 42
- O. SEVCIK : Escola da técnica, op. 1. 1os ex.
- O. SEVCIK : Escola do arco, op. 2. 1os ex.
- H.C.WORK: Grand father`s clock
- PAUL ROLLAND Young Strings in Action. Sheila Nelson
- S. FLETCHER New tunes for strings
- K&H COLLEDGE Stepping Stones
- S. APPLEBAUM String Builder vol. 1
- FROST&FISCHBACH Artistry in strings vol.1

- K&D BLACKWELL Viola Time Joggers
- JOAN ALFARAS Stradivari vol.1
- JOAN ALFARAS Stradivari vol.2

6.2 2º GRAO ELEMENTAL

6.2.1 Obxectivos

- Acadar un bó contacto do arco coa corda sen que afecte á flexibilidade do movemento. Ampliar os movementos do brazo dereito e distribuír o arco por rexións.
- Ser capaz de ampliar e utilizar os recursos dinámicos por planos sonoros. Iniciar o coñecemento doutros recursos sonoros e aplicarlos ás obras do curso.
- Ser capaz de afinar todo tipo de intervalos no ámbito dunha posición fixa. Iniciar a afinación do instrumento. Ser capaz de afinar consoancias.
- Interpretar obras do programa de memoria, respetando o seu fraseo, captando o seu estilo e ampliando os seus recursos expresivos con términos que afecten ó tempo. Usar varias tonalidades.

6.2.2 Contidos

- Posición do instrumento : control muscular, bó equilibrio do instrumento con respecto ó corpo, aprender a sentir e controlar os movementos das distintas partes do corpo.
- Producción do son: cordas ó aire, empregando todo o arco e distintas rexións deste, distribución do arco nas distintas rexións, dominio das catro cordas.
- Modificacións sobre un mesmo son (reguladores, crescendos, diminuendos, etc.).

- Desenvolvemento do movemento do brazo dereito e do movemento perpendicular dos dedos, así como a coordinación entre ambos, ampliación de todos os movementos do brazo dereito.
- Desenrolo da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
- Iniciación á afinación do instrumento.
- Coñecemento dos golpes de arco básicos, legato ata catro notas, combinacións de Detaché e Legato, legato entre dúas cordas, distintas fórmulas rítmicas.
- Estudio das formacións, primeira posición completa, exercicios de familiarización con posicións altas da man esquerda
- Escalas, arpejos (dúas octavas).
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria, memorización de pequenas obras e estudos.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces, regularidade diaria na práctica do estudo, estiramientos antes e despois da práctica, aprender a estudar.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos distintos niveis, para chegar a unha interpretación consciente e non intuitiva, iniciación á comprensión de pequenas frases (catro compases) formas sinxelas, A - B - A e forma Rondó.
- Selección progresiva en canto ó grado de dificultade dos exercicios.
- Práctica de Escalas, estudos, exercicios sinxelos de mecánica e Obras do curso.
- Práctica de conxunto: dúos co profesor, tocar co pianista acompañante, clases colectivas do mesmo instrumento.

6.2.3 Avaliación

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxetivos e os criterios de avaliación establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como a súa asistencia e actitude.

Criterios de avaliación

- Manter a atención e concentración necesarias na clase para aprender a traballar do xeito correcto, e repetilo no estudio individual na casa.
- Memorizar e interpretar textos musicais, empregando correctamente dinámica, afinación, e fraseo axeitados ó seu contido.
- Interpretar obras das programadas para o curso, de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Mostrar a capacidade de aprendizaxe progresivo individual, e demostralo nas audicións.
- Interpretar en público como solista e a ser posible de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
- Asistir con asiduidade a ensaios co profesor pianista acompañante.
- Participar nas Audicións técnicas internas e nas Audicións públicas con asiduidade.

Mínimos esixibles

- Adquirir unha posición correcta do instrumento e do instrumentista, correcta utilización de ambas mans, pasar o arco paralelo á ponte, articulacións flexibles.
- Adquirir os fundamentos dunha boa técnica: afinación dun mínimo do 70% das notas, axustado ó pulso e sen erros de medida. Calidade sonora.
- Participar activamente nas actividades programadas así como cumprir cos ensaios mínimos co pianista acompañante.

- Estudar e interpretar correctamente en cada trimestre os seguintes contidos:

Primeiro trimestre

Escalas de Re M e Sol M.

Exercicios para ligar dúas notas, exercicios en segunda formación.

Estudos propios do curso.

Dúas pezas breves a elixir consensuadas co profesor.

Segundo trimestre

Escalas de Sol M e Do M.

Exercicios de mecanismo en 1ª e 2ª formación.

Estudos propios do curso.

Dúas pezas breves a elixir consensuadas co profesor

Terceiro trimestre

Escala de Do M en dúas oitavas.

Exercicios de desprazamento polo mango.

Estudos propios do curso.

Dúas pezas breves a elixir consensuadas co profesor

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Realización dunha avaliación inicial para determinar o punto de partida do alumno e deseñar os materiais axeitados.
- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.
- Seguemento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.

- Exposición pública de memoria do traballo realizado mediante a participación nas audicións internas técnicas e públicas ao longo do curso.

Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Proba de aula: 30%	Audición: 30%	Traballo semanal: 40%
--------------------	---------------	--------------------------

Á súa vez, cada un destes apartados ponderarase do seguinte xeito:

Proba de aula	Audición	Traballo semanal
Técnica: 40%	Técnica: 30%	Estudo: 50%
Musicalidade: 30%	Musicalidade: 30%	Hábitos: 10%
Preparación: 30%	Preparación: 20%	Actitude: 20%
	Posta en escea: 20%	Material: 20%

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superado polo menos o 90% dos contidos do apartado mínimos esixibles na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.

6.2.4 Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación. Proponse que os alumnos que precisan medidas de recuperación poidan asistir coma ouvintes

ás clases de compañeiros do mesmo curso. No marco do departamento, os profesores contemplarán a posibilidade de destinar as clases colectivas ó traballo de aspectos técnicos concretos como medida de recuperación.

Procedementos de recuperación ordinarios

Os alumnos que perderon o dereito á avaliación continua por faltas de asistencia sen xustificar terán que facer nas últimas semanas do curso un exame no que presentarán polo menos os contidos do apartado mínimos esixibles. De entre eses contidos o alumno interpretará dúas escalas, dous estudos e dúas obras a elección do tribunal.

Para o cálculo da cualificación teranse en conta as seguintes porcentaxes:

25% afinación 25% ritmo 25% sonido 25% musicalidade

Será preciso ten aprobado cada bloque de cualificación para poder facer media.

Probas extraordinarias de setembro

Os alumnos que non obtiveron cualificación positiva na avaliación de xuño poderán presentarse á proba extraordinaria de setembro e presentarán polo menos os contidos do apartado mínimos esixibles. De entre eses contidos o alumno interpretará tres escalas, tres estudos e tres obras a elección do tribunal, mais un fragmento de lectura a vista. A proba non superará os 30 minutos de duración.

Para o cálculo da cualificación teranse en conta as seguintes porcentaxes:

25% afinación 25% ritmo 25% sonido 25% musicalidade

Será preciso ten aprobado cada bloque de cualificación para poder facer media.

6.2.5 Recursos didácticos

- ABRSM Scales and arpeggios
- SUZUKI Suzuki Viola School, vol. I y II
- H. CLASSENS L'Alto Classique, vol. A
- E. MATEU La Viola Iniciación
- B. VOLMER Bratschenschule, vol. I ata a páx. 42

- O. SEVCIK Escola da técnica, op. 1. 1os exercicios
- O. SEVCIK Escola do arco, op. 2. 1os exercicios
- S. APPLEBAUM String Builder vol.2
- K&H COLLEDGE Waggon Wheels
- M. COHEN Superstudies vol.1
- FROST&FISCHBACH Artistry in Strings vol. 1 e 2
- K&D BLACKWELL Viola Time Joggers
- JOAN ALFARAS Stradivari vol.2 e 3

6.3 3º GRAO ELEMENTAL

6.3.1 Obxectivos

- Ampliar e coñecer os recursos dinámicos. Saber aplicalos dentro das obras do nivel.
- Amosar calidade sonora e cuidado do son.
- Ser capaz de tocar correctamente afinado. Afinar o instrumento.
- Ser capaz de afinar consonancias e disonancias.
- Demostrar capacidade para mellorar a calidade do son.
- Iniciar o estudio das posicións do nivel.
- Iniciar o estudio do vibrato.
- Interpretar un repertorio básico de obras de diferentes estilos, respetando o seu estilo, fraseo e recursos expresivos.
- Tocar en varias tonalidades. Ser capaz de delimitar frases e marcar respiracións.

6.3.2 Contidos

- Posición do instrumento e do arco: control muscular, Bó equilibrio do corpo respecto ó instrumento fronte a distintos movementos, Sentir e controlar os movementos do brazo, así como notar a sensación de peso do arco para o seu dominio e control.
- Producción do son, Distribución do arco por rexións e paso dunhas a outras.
- Exercitación dos cambios de corda, combinando diferentes cordas entre sí.
- Desenvolvemento do movemento do brazo dereito e do movemento perpendicular dos dedos, así como a coordinación entre ambos, Distintas combinacións rítmicas no brazo dereito para o desenvolvemento do mesmo.
- Perfeccionamento da colocación da man esquerda. Articulación e velocidade dos dedos. Coordinación das dúas mans.
- Desenrolo da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
- Cuidado do son nas distintas rexións do arco, Coñecemento dos golpes de arco básicos, Perfeccionamento do legato e detaché, Iniciación ó martelé e staccato (principios).
- Estudio das posición, 1ª e 3ª posición, Iniciación á 2ª posición.
- Iniciación do vibrato. Vibrato como elemento de expresión musical
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria, Memorización das obras do repertorio, Repetición dos fragmentos ata a súa memorización, Identificar pequenos deseños como escalas, arpexios e progresións para a súa posterior repetición e memorización.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces, Ampliación do tempo de estudo diario, Distribución do tempo de estudo, Estiramientos antes e despois da práctica, Programación do estudo, Selección progresiva en canto ó grado de dificultade dos exercicios.

- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos distintos niveis para chegares a unha interpretación conscente e non intuitiva, Formas (A - B - A), Aprender a delimitar as frases e saber subdividilas en células e motivos.
- Exercicios de mecánica, Escalas e arpexios, Estudos do curso, Obras do curso.
- Práctica de conxunto, Dúos co profesor, Ensaios co pianista acompañante, Clases colectivas con instrumentos de corda.

6.3.3 Avaliación

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxetivos e os criterios de avaliación establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como a súa asistencia e actitude.

Criterios de avaliación

- Manter a atención e concentración necesarias na clase para aprender a traballar do xeito correcto, e repetilo no estudio individual na casa.
- Memorizar e interpretar textos musicais, empregando correctamente dinámica, afinación, e fraseo axeitados ó seu contido.
- Interpretar obras das programadas para o curso, de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Mostrar a capacidade de aprendizaxe progresivo individual, e demostralo nas audicións.
- Interpretar en público como solista e a ser posible de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
- Asistir con asiduidade a ensaios co profesor pianista acompañante.

- Participar nas Audicións técnicas internas e nas Audicións públicas con asiduidade.

Mínimos esixibles

- Consolidar unha posición correcta do instrumento e do instrumentista, correcta utilización de ambas mans, pasar o arco paralelo á ponte, articulacións flexibles.
- Adquirir os fundamentos dunha boa técnica: afinación dun mínimo do 70% das notas, axustado ó pulso e sen erros de medida. Calidade sonora.
- Participar activamente nas actividades programadas así como cumprir cos ensaios mínimos co pianista acompañante.
- Estudar e interpretar correctamente en cada trimestre os seguintes contidos:

Primeiro trimestre:

Escala de Sol M en dúas oitavas.

Exercicios para cambiar de posición, exercicios de movementos de vibrato.

Estudos propios do curso.

Dúas pezas breves a elixir consensuadas co profesor.

Segundo trimestre:

Escala de Sol Maior en dúas oitavas ligadas de 2 en 2.

Exercicios de mecanismo en 1ª, 2ª e 3ª formación, exercicios de vibrato.

Estudos propios do curso.

Dúas pezas breves a elixir consensuadas co profesor

Terceiro trimestre:

Escala de Sol M en dúas oitavas ligadas de 3 en 3 e de 4 en 4.

Exercicios de golpes de arco.

Estudos propios do curso.

Dúas pezas breves a elixir consensuadas co profesor.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Realización dunha avaliación inicial para determinar o punto de partida do alumno e deseñar os materiais axeitados.
 - Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.
 - Seguemento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
 - Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.
 - Exposición pública de memoria do traballo realizado mediante a participación nas audicións internas técnicas e públicas ao longo do curso.

Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Proba de aula: 30%

Audición: 30%

Traballo semanal:
40%

Á súa vez, cada un destes apartados ponderarase do seguinte xeito:

Proba de aula	Audición	Traballo semanal
Técnica: 40%	Técnica: 30%	Estudo: 50%
Musicalidade: 30%	Musicalidade: 30%	Hábitos: 10%
Preparación: 30%	Preparación: 20%	Actitude: 20%
	Posta en escea: 20%	Material: 20%

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así

como ter superado polo menos o 90% dos contidos do apartado mínimos esixibles na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.

6.3.4 Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación. Proponse que os alumnos que precisan medidas de recuperación poidan asistir coma ouvintes ás clases de compañeiros do mesmo curso. No marco do departamento, os profesores contemplarán a posibilidade de destinar as clases colectivas ó traballo de aspectos técnicos concretos como medida de recuperación.

Procedementos de recuperación ordinarios

Os alumnos que perderon o dereito á avaliación continua por faltas de asistencia sen xustificar terán que facer nas últimas semanas do curso un exame no que presentarán polo menos os contidos do apartado mínimos esixibles. De entre eses contidos o alumno interpretará dúas escalas, dous estudos e dúas obras a elección do tribunal.

Para o cálculo da cualificación teranse en conta as seguintes porcentaxes:

25% afinación 25% ritmo 25% sonido 25% musicalidade

Será preciso ten aprobado cada bloque de cualificación para poder facer media.

Probas extraordinarias de setembro

Os alumnos que non obtiveron cualificación positiva na avaliación de xuño poderán presentarse á proba extraordinaria de setembro e presentarán polo menos os contidos do apartado mínimos esixibles. De entre eses contidos o alumno interpretará tres escalas, tres estudos e tres obras a elección do tribunal, mais un fragmento de lectura a vista. A proba non superará os 30 minutos de duración.

Para o cálculo da cualificación teranse en conta as seguintes porcentaxes:

25% afinación 25% ritmo 25% sonido 25% musicalidade

Será preciso ten aprobado cada bloque de cualificación para poder facer media.

6.3.5 Recursos didácticos

- ABRSM Scales and arpeggios
- M. COHEN Superstudies vol.2
- B. VOLMER Bratschenschule, vol. I e II
- HOFFMANN Estudios, op. 86
- O. SEVCIK Escola da técnica, op. 1
- O. SEVCIK Escola do arco, op. 2
- NEIL MACKAY Position changching for the viola
- NEIL MACKAY Easy position tunes for viola
- ANDERSON&FROST All for strings. Kjos Music Company
- WOHLFAHRT Primeiros estudos, op. 45
- H. CLASSENS L'Alto Classique, vol. B
- W. FORBES Chester music for viola, vol. 1
- SUZUKI Suzuki Viola School, vols. II e III
- Ed. PETERS Klassische Stücke, vol. I e II
- S. APPLEBAUM String Builder vol. 2 e 3
- C. BOHM Perpetual Motion
- K&H COLLEDGE Fast Forward
- FROST&FISCHBACH Artistry in strings vol.2
- K&D BLACKWELL Viola Time Runners

- O. RIEDING Concerto en Re Maior
- F. KÜCHLER Concertino en Sol Maior
- Sonatas barrocas (enteiras ou só algúns movementos)
- JOAN ALFARAS Stradivari vol.2 e 3

6.4 4º GRAO ELEMENTAL

6.4.1 Obxectivos

- Acadar flexibilidade nos movementos da muñeca, dedos da man dereita e esquerda. Acadar un correcto xeito de pisar en dobre corda e acordes sinxelos. Ser capaz de apoiar con movementos do corpo tanto recursos rítmicos como expresivos sen alterar a posición nin a flexibilidade do movemento.
- Utilizar e administrar principalmente todos os recursos dinámicos. Ampliar e completar o coñecemento dos golpes de arco básicos. Ser capaz de tocar dobres cordas e acordes sinxelos en obras de nivel. Ser capaz de distinguir e usar sons armónicos e naturais. Utilizar outros recursos sonoros nas obras do conxunto. Iniciar coñecementos na grafía contemporánea.
- Ser capaz de tocar principalmente afinado e amosar control do instrumento. Ser quen de utilizar recursos para mellorar a calidade sonora. Ser capaz de tocar nas catro primeiras posicións con cambios. Usar o vibrato coma elemento expresivo.
- Interpretar un repertorio básico de grao elemental con ó menos tres estilos diferentes, sendo posible de memoria. Ser capaz de poñer arcos básicos, delimitar frases, marcar respiracións e recoñecer estruturas básicas.

6.4.2 Contidos

- Posición do instrumento e do arco : control muscular
- Flexibilidade dos dedos da man dereita.

- Bó equilibrio do instrumento respecto ó corpo.
- Producción do son, Distribución do arco, Exercicios para os cambios de corda. Inicio do bariolaxe.
- Perfeccionamento do pizzicato, cunha boa obtención do son do mesmo.
- Desenrolo do movemento do brazo dereito e do movemento perpendicular dos dedos, así como a coordinación entre ambos, Perfeccionamento na articulación e velocidade dos dedos da man esquerda., Coordinación das dúas mans.
- Desenrolo da sensibilidade auditiva, Bó son en todas as rexións do arco.
- Coñecemento dos golpes de arco básicos, Detaché en distintas rexións do arco, Legato, Perfeccionamento do martelé e do staccato.
- Estudio das posición, Primeira e terceira posición, Perfeccionamento da segunda posición. Iniciación á 4ª posición.
- Vibrato como elemento de expresión musical, Perfeccionamento do vibrato con calidade e expresión.
- Entrenamento progresivo da memoria, Repetición de pequenos fragmentos ata a súa memorización, Memorización de obras, Identificación de pequenos deseños como escalas, arpeixos, para a súa posterior memorización.
